

# PLAN PARA A MELLORA DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA MUNICIPAL.

*1º semestre 2014*

Medidas a adoptar para optimizar os procedementos de licitación pública das obras, servizos e subministros adquiridos polo Concello de Ames.





## INDICE.

- 1 **INTRODUCCIÓN**
- 2 **SEGUIMIENTO DA EXECUCIÓN REXISTRADA NO SEGUNDO SEMESTRE DO EXERCICIO 2013.**
  - 2.1.- *Aspectos principais.*
  - 2.2.- *Aspectos complementarios.*
  - 2.3.- *Grado de execución das licitacións programadas no período anterior (2º semestre do 2013).*
- 3 **PROGRAMACIÓN PARA O PRIMEIRO SEMESTRE DO EXERCICIO 2014.**
- 4 **DIFUSIÓN DO PLAN.**



## 1.- INTRODUCCIÓN

O pasado mes de febreiro de 2013 foi difundido a través da páxina web o “PLAN PARA A MELLORA DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA MUNICIPAL”, dando cumprimento así ao disposto no Plan de Axuste 2012-2022, aprobado polo pleno da corporación en sesión de 29 de marzo de 2012 , en aplicación do previsto no Real Decreto-lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan obrigacións de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais.

O Plan de Axuste ten por obxecto garantir a sustentabilidade económica do Concello, contemplando para elo unha serie de medidas que teñen por obxecto non só devolver o equilibrio ás contas municipais, senón tamén que este se manteña de xeito estable no tempo, evitando recaídas en situacións de falta de liquidez.


As medidas contidas no Plan de Axuste estrutúranse en dous grandes grupos, en función da vertente orzamentaria á que se refiran -gastos ou ingresos-; entre as primeiras, a medida número dez refírese á redución na celebración de contratos menores, nos seguintes termos:

*“No ano 2012, serán reorganizados os servizos xerais do Concello, de modo que volvan acoller ao departamento de contratación, dirixido nos últimos anos pola Intervención en primeiro lugar, e pola Tesouraría despois.*

*Deste modo, a contratación administrativa volverá depender da Secretaría Xeral.*

*Coa intención expresa de impulsar de modo inmediato, decidido e definitivo este departamento, crucial para o funcionamento municipal, a súa estrutura será reforzada durante este ano, para o que se valora a posibilidade de adscribir a este a praza de técnico de administración xeral, dependente na actualidade do departamento de urbanismo.*

*Durante o 2012 será elaborado un plan de actuación do departamento, no que se abordarán as licitacións pendentes, e o calendario estimado para a súa tramitación. Dito cronograma será obxecto de difusión a través da páxina web municipal. Neste plan potenciarase a celebración de contratos marco, e analizarase a posibilidade de acceder ao sistema público de compras do Estado, co fin de poder efectuar adquisicións a través deste dentro deste mesmo ano”.*




**Nota.-** Debe entenderse que cando o Plan de axuste fala da redución na celebración de contratos menores estase a referir tamén, e moi especialmente, á licitación daquelas prestacións que polas súas características deben ser obxecto de licitación pública, carecendo da preceptiva cobertura contractual.

O desenvolvemento deste plan foi estruturado en períodos semestrais, de xeito que o presente documento ten por obxecto analizar os resultados rexistrados no segundo semestre do exercicio 2013, así como determinar as tarefas a acometer no primeiro semestre 2014.

## **2.-SEGUIMIENTO DA EXECUCIÓN REXISTRADA NO PERIODO ANTERIOR (SEGUNDO SEMESTRE DO EXERCICIO 2013).**

### **2.1.- Aspectos principais.**

<b>OBXECTIVO</b>	<b>PREVISIÓN</b>	<b>EXECUCIÓN</b>
<b>Obxectivo global</b>	<i>“O Plan para a Mellora do Departamento de Contratación ten como obxectivo que, antes do remate do presente exercicio 2013, todas as obras, servizos e subministrados que precise o Concello de Ames sexan adquiridos conforme ao establecido na normativa reguladora dos contratos do sector público”.</i>	Pese a máis que evidente mellora do departamento, ao a remate do 2013 existían aínda situacións pendentes de regularizar. O obxectivo será conquerido ao longo do exercicio 2014, e moi posiblemente no primeiro semestre.
<b>Dotación de medios para o correcto desenvolvemento do plan.</b>	<i>“Medios materiais. O departamento de contratación será trasladado á segunda planta da Casa do Concello, buscando así a consecución simultánea dun dobre obxectivo: facilitar súa integración na Secretaría, no que segundo o Plan de Axuste volve a estar integrado, e dar cumprimento a outra das accións de aforro previstas no plan de axuste, encadrada na medida 16 (eliminación dos alugueiros de locais, e de mais gastos asociados</i>	No mes de febreiro do pasado ano o departamento de contratación foi trasladado á segunda planta da Casa do Concello, prescindíndose do alugueiro abonado ate o de agora e dos gastos de mantemento xerados por estar fora da casa do concello.




	aos mesmos)”.  <i>“Medios persoais. A posibilidade de adscribir ao departamento de contratación á técnico xurídica que presta servizos en urbanismo foi finalmente desbotada, por considerar que está pertence á escala de administración especial, o que imposibilita a súa mobilidade.</i>  <i>No seu lugar, o Concello incorporará ao departamento unha nova praza de auxiliar administrativo, de feito que os dous auxiliares do departamento poidan asumir a tramitación dos procedementos deseñados, postos en marcha, e tutelados polo xefe do departamento, baixo a coordinación e o auxilio técnico da Secretaría Xeral”.</i>	
	Adicionalmente, e con ocasión da aprobación do orzamento para o exercicio 2013, valorase a creación dun dos postos de colaboración ao que se refire o artigo 3 g) do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal. Ademais de exercer as competencias reservadas que lle sexan delegados polo titular da praza principal do departamento ao que se adscriba, este funcionario/a asumirá funcións de apoio a departamentos municipais que están a sufrir especialmente a falta de persoal técnico, especialmente	Ante a imposibilidade de adscribir formalmente á técnico xurídico de urbanismo ao departamento de contratación, desde o primeiro semestre do 2013 este servizo foi reforzado con dúas auxiliares administrativas.  Á data de formulación deste documento, a Secretaría está a asumir a dirección do servizo municipal de contratación, dando así o relevo aos servizos económicos. A próxima modificación da RPT deberá reflectir esta reorganización.  A redacción do orzamento para o exercicio 2014 dará oportunidade de valorar novamente esta cuestión, que segue a considerarse da máxima prioridade.




	os departamentos de contratación e, en caso de resultar preciso, o de persoal.	
--	--	--

## 2.2.- Aspectos complementarios.

<b>Acceso á plataforma de contratación do estado.</b>	Analizarase a posibilidade de adquirir bens e servizos a través deste organismo, previsto no artigo 314 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora de contratos do sector público, sen obviar non obstante as limitadas posibilidades que ofrece o actual catálogo de bens normalizados.	Os bens normalizados ofertados a través deste organismo estatal, así como o seu funcionamento práctico (segundo recentes consultas efectuadas a outros Concellos usuarios, de características similares ás de Ames) fan que, nas condicións actuais, a plataforma de contratos non resulte axeitada para atender ás nosas necesidades.
<b>Acceso ao perfil do contratante da Xunta de Galicia.</b>	Co fin de propiciar a máxima difusión das licitacións que se convoquen, o Concello adherirase ao perfil do contratante xestionado pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa a través da plataforma de contratación pública de Galicia, procurando con elo que da máxima concorrencia se derive o acceso á oferta máis vantaxosa que poida ofertar o mercado. Adicionalmente, o emprego deste servizo permitirá garantir o selado de tempo na información que nel se publique, de acordo co esixido no artigo 53 do Real decreto legislativo 3/2011.	Continúan os trámites para a incorporación do Concello á plataforma de contratación pública de Galicia.  Se ben a súa posta en marcha (en fase probas) fora prevista para o pasado mes de outubro, esta verase finalmente retrasada ate o vindeiro mes de febreiro, a consecuencia da necesidade de que os pregos de cláusulas administrativas particulares reguladores de cada procedemento estean redactados tanto en galego como en castelán. Elo aconsella a previa aprobación de pregos tipo de cláusulas administrativas para cada unha das categorías contractuais contempladas pola norma, nos que xa



		se está a traballar.
<b>Promoción da máxima concorrencia nos procedementos negociados.</b>	<p>Co fin de promover a máxima concorrencia, invítarase a participar nos procedementos negociados a un mínimo de cinco empresas, salvo que existan circunstancias que o impidan ou o desaconsellen, que figurarán debidamente motivadas no propio expediente.</p>	<p>Con carácter xeral estase a cumprir e mesmo a superar esta regra, o que ten permitido acadar considerables rebaixas na adxudicación dos contratos.</p> <p>Valórase non entanto a posibilidade de xeneralizar o uso de procedementos abertos, estendéndoo tamén a aqueles casos en que polo seu importe, a norma autorice o uso do procedemento negociado.</p>
	<p>Adicionalmente, os procedementos negociados con publicidade serán tramitados, en todo caso, seguindo o trámite establecido para os procedementos abertos.</p>	<p>Constátase o cumprimento desta norma ao longo do período considerado.</p>
<b>Contratos marco.</b>	<p>Analizarase a conveniencia de empregar a figura do contrato marco á que se refire o artigo 196 do Real decreto legislativo 3/2011 en todas aquelas subministracións en que resulte conveniente establecer nos pregos da licitación as condicións para a entrega sucesiva dunha pluralidade de bens por un prezo unitario máximo, sen que o número total de unidades estea definido con exactitude ao tempo de celebrar o Acordo Marco, por estaren suxeitas as entregas ás necesidades do Concello.</p> <p>Encadraríase aquí, por exemplo, o subministro de alimentos para a Rede Municipal de Comedores Escolares, o material de construción, o material de papelería, ou o material eléctrico adquirido</p>	<p>A decisión ao respecto do emprego deste tipo de procedementos debe postergarse, cando menos, ate o remate do presente semestre, unha vez normalizada a situación de departamento, ca licitación das prestacións carentes de cobertura que precisan de procedementos de licitación “ordinarios”.</p> <p>Lémbrese que o uso desta figura rexistra aínda un uso moi discreto no ámbito da administración local.</p> <p>Non obstante, o subministro de alimentos para a Rede Municipal de Comedores Escolares será abordado de xeito singular e preferente, co fin de que o contrato poida estar adxudicado ca suficiente</p>



	habitualmente polo Concello.	antelación respecto do inicio do vindeiro curso 2014/2015.
<b>Contratos menores:</b> <b>autorización de gasto e modelo de contrato menor.</b>	Ao remate do segundo semestre do 2013 efectuarase un seguimento dos resultados acadados co novo sistema de autorización de gastos menores previsto na Base de execución do orzamento nº 20, co fin proceder á súa modificación, no seu caso.	Este análise efectuarase con ocasión da liquidación do orzamento do exercicio 2013.
	Igualmente, antes do remate do primeiro semestre serán aprobados os modelos de contrato menor de obras, servizos e subministros.	Ten sido redactado xa o borrador para o contrato menor de servizos, así como o correspondente aos frecuentes servizos privados de espectáculos (teatro, maxia, espectáculos infantís...), poñéndose fin con elo á multiplicidade de documentos aportados polo de agora por cada unha das compañías. Antes do remate do mes de febreiro estarán redactados os restantes modelos. A través das bases de execución determinarase os importes a partir dos cales será esixible a súa sinatura, como requisito para a realización da correspondente prestación.


Ao anterior hai que engadir:

- Que desde o mes de xullo estanse a empregar os procedementos electrónicos da plataforma SIGEM.

### 2.3.- Grado de execución das licitacións programadas no período anterior.

	<b>PREVISIÓN</b>	<b>EXECUCIÓN</b>
1	Bos días	Adxudicado





2	Tardes Divertidas	Adxudicado
3	Escolas deportivas	Adxudicado
4	Obradoiros culturais	Adxudicado
5	Concesión do servizo de saneamento e abastecemento	Deserto; en fase de análise o modelo de xestión para o servizo.
6	Contrato de colaboración complementaria na recadación.	En licitación.
7	Renting equipos de reprografía.	En licitación.
8	Limpeza de interiores (lote restante; centros non educativos).	En licitación.
9	Renting/adquisición de vehículos policiais.	A adquisición destes vehículos está prevista para o primeiro trimestre do exercicio 2014.
10	Renting/adquisición outros vehículos municipais	As necesidades nesta materia atópanse actualmente en fase de estudo. O inicio da licitación depende dos resultados que daquel se deriven, estando previsto o seu remate para o primeiro semestre do 2014.
11	Auditoría enerxética.	O Concello atópase á espera de que FAEPAC faga entrega das conclusións do estudo da facturación enerxética emprendido o mediados do pasado ano. Ditas conclusións, previstas para o presente mes de xaneiro, haberán de servir de base para a licitación da auditoría enerxética municipal.
12	Seguros RC e danos	Está en licitación un contrato de servizos de mediación. Co asesoramento do mediador seleccionado, procederase no primeiro semestre do 2014 a licitar o conxunto dos seguros municipais.
13	Alimentos comedores	Como se indicou, a licitación deste subministro será obxecto de atención preferente no primeiro semestre do 2014.
14	Subministro tractor desbrozadora	O Concello está pendente á confirmación da achega provincial que permita financiar esta adquisición. En todo caso está previsto que poida entrar en servizo ao longo do primeiro semestre do exercicio 2014, a tempo para participar nos traballos de roza




		proprios da tempada estival, nas que o vello vehículo está a funcionar a dobre quenda.
15	Mantemento de zonas axardinadas.	O Concello está a analizar o mellor xeito de abordar o tratamento das zonas axardinadas municipais, considerando o notable incremento da superficie a tratar (e con elo de custe) que representan as urbanizacións de Agro do Muíño e Ameneiral. Trátase de determinar exactamente que será mantido co persoal xa dispoñible, e que deberá ser contratado a medios externos, conxugando todo elo co emprego da produción saída do viveiro municipal, recuperado mediante o último obradoiro de emprego, e cuxo mantemento será contratado de xeito inminente.
16	Subministros gas/gasoil.	O inicio do procedemento está previsto para o primeiro semestre do 2014.
17	Seguridade (incendios e intrusión)	O inicio do procedemento está previsto para o primeiro semestre do 2014.
18	Telecomunicacións (voz e datos).	O inicio do procedemento está previsto para o primeiro semestre do 2014.

Adicionalmente, cómpre destacar ao longo do segundo semestre do exercicio 2013 foron iniciados os seguintes expedientes de obra:

	<b>Obxecto do contrato</b>
1	Actuacións no entorno do campo de fútbol de Bertamiráns
2	Obras de mantemento e mellora enerxética na EIM O Bosque
3	Obras nos colexios e comedores do concello de Ames
4	Reparación interior en Ortoniño e Outros
5	Subministración e instalación de lámpadas, balastros e redutores de fluxo do alumeadado do parque empresarial do Milladoiro
6	Pintado interior Pavillón de Milladoiro

### **3.- PROGRAMACIÓN PARA O PRIMERIO SEMESTRE DO EXERCICIO 2014.**



Reprodúcese a continuación a relación dos expedientes de contratación cuxo inicio se prevé que se produza dentro do presente período de programación:

	<b>Obxecto do contrato</b>	<b>Mes estimado</b>
1	Rede Galega de teatros e auditorios (Agadic)	Xaneiro-maio
2	Servizo de Prevención	Febreiro
3	Servizo de mantemento de 13 illas de contedores soterrados de lixo	Febreiro-Marzo
4	Seguros RC e danos	Febreiro-Marzo
5	Servizo de Lacería	Febreiro-Marzo
6	Subministros gas/gasoil.	Febreiro
7	Xestión cafeterías Casa Cultura Municipais e do campo de fútbol de Bertamiráns.	Febreiro-maio.
8	Adquisición/renting vehículos municipais	Marzo
9	Monitoraxe comedores escolares.	Marzo
10	Alimentos comedores	Marzo
11	Subministro tractor rozadora	Marzo
12	Escola de Verán	Marzo
13	Renting/adquisición doutros vehículos municipais.	Abril
14	Telecomunicacións (voz e datos).	Abril
15	Servizo de socorrismo e primeiros auxilios na praia fluvial de Tapia e nas piscinas públicas descubertas do Concello de Ames.	Abril
16	Auditoría enerxética.	Abril
17	Seguridade (incendios e intrusión)	Abril
18	Mantemento de zonas axardinadas.	Maio



19	Telecomunicacións (voz e datos)	Maio
20	Servizo de asistencia xurídica e letrada en xuízo.	Xuño
21	Contrato marco subministro material de papelería	Xuño
22	Licitación cemiterio municipal	Xuño

**Nota.-** Adicionalmente, a licitación do servizo de abastecemento e saneamento dependerá das conclusións que resulten dos traballos de análise previa a que está a ser sometido o modelo de xestión do servizo.

**Previsión para o seguinte período de programación (2º semestre 2014).**

1	Mantemento de ascensores
2	Reparación vehículos municipais.
3	Reparación maquinaria municipal.
4	Contratos marco subministros material eléctrico.
5	Contratos marco subministros material de construción.
6	Contratos marco subministros material de papelería

O anterior cronograma ten sido redactado baixo as seguintes premisas:

- O calendario contido neste plan refírese tan ao período indicado no encabezamento, e recolle as licitacións consideradas prioritarias, en atención a cuestións como o seu importe, a complexidade técnica do expediente, ou a a natureza das prestacións.
- Os meses sinalados xunto a cada contrato corresponden á previsión de aprobación do expediente e inicio da licitación pública do contrato.



- Non se están a contemplar os expedientes de licitación de obra pública, que serán tramitados adicionalmente aos anteriores, atendendo, en cada caso, ás circunstancias concorrentes en cada unha das actuacións (natureza da obra, existencia de prazos condicionados polo axente financiador...).
- No primeiro semestre do exercicio 2014 abordarase a posibilidade de implantar a licitación electrónica no Concello para determinados procedementos, ao abeiro da iniciativa posta en marcha polo AMTEGA.
- Ao longo do mes de xullo do 2014 será efectuado un seguimento do cumprimento da primeira fase deste plan, formulándose igualmente o calendario das licitacións previstas para o seguinte semestre. Ambos extremos serán obxecto de publicación na páxina web municipal.

#### **4. DIFUSIÓN DO PLAN.**

De acordo co previsto no Plan de Axuste, o presente plan, así como o seguimento da súa execución, serán obxecto de publicación na páxina web do concello de Ames.

En Ames, xaneiro de 2014.  
O alcalde.

Santiago V. Amor Barreiro.